



**Curso  
2019/2020**

**Centro Autorizado Profesional de  
Música "Cantiga"  
Sarria (Lugo)**

**Adaptación Programación Didáctica  
de Coro  
12 Maio 2020**

Instruccións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da comunidade Autónoma de Galicia

**Profesora:  
Berta Delia Urbay González**

## MATERIA DE CORO

Seguindo o indicado no *R.D. 463/2020*, na *Orde EFP/365/2020* e nas *Instrucións do 27 de abril de 2020*, da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20*, nos centros docentes da *Comunidade Autónoma de Galicia*, o **Centro Autorizado Elemental e profesional de Música Cantiga de Sarria (Lugo)** establece as seguintes modificacións na Programación Didáctica da materia de CORO para o curso 2019-20:

### ÍNDICE

- 1. Avaliación e cualificación**
- 2. Criterios de avaliación e mínimos esixibles**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

#### **1. Avaliación e cualificación**

##### **Avaliación**

- Realizárase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres do curso. As actividades desenvolvidas no último trimestre teranse en conta só positivamente.
- A asistencia á clase e a puntualidade non se poden valorar.
- A participación en actividades de aula, interese pola asignatura e interpretación do repertorio proposto, valoráranse a partes iguais.

##### **Cualificación final**

- O terceiro trimestre será valorado positivamente nos casos dos alumnos que practicasen ou participasen nalgunha das actividades propostas.
- No resto dos casos, terase en conta o rendemento amosado nos trimestres anteriores.
- Poderase incrementar en **2** puntos en base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma (valoradas en todo caso tendo en conta os criterios de avaliación, mínimos esixibles e procedementos e ferramentas de avaliación establecidos na presente programación en apartados previos) nunca

minorando a cualificación da 2ª avaliación.

### **Proba extraordinaria de setembro**

O alumnado axustarase á proposta de actividades de avaliación e recuperación recollidas no informe de avaliación negativa, segundo se recolle na programación xeral anual.

## **2. Criterios de avaliación e mínimos esixibles**

### **.MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Non sofren cambios salvo a excepcionalidade de que no terceiro trimestre aplicaranse só os criterios que fagan referencia ao traballo individual propostos polo profesorado (gravacións individuais de audio e/ou vídeo, escoita de vídeos e audios enviados, xogos interactivos e lúdicos, e calquera outra actividade que o profesorado propoña).

### **.MODIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES**

O alumnado deberá ser capaz de interpretar con fidelidade á partitura a súa parte correspondente das obras traballadas ao longo do 1º e 2º trimestre sendo capaces de seguir as indicacións do director/a e mantendo un seguimento auditivo de cada un dos aspectos sonoros relevantes na interpretación musical de conxunto (afinación, sonoridade, empaste, planos sonoros, fraseo, precisión rítmica, articulación...)

### **.MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN**

Non sofren modificacións mais alá da adaptación e uso de novas ferramentas necesarias para a observación e o desenvolvemento dos procedementos de maneira non presencial. Neste sentido as ferramentas para a avaliación do 3º trimestre serán as mesmas que as utilizadas neste período docente con cada alumno ou alumna, en todo caso: gravacións de audio e/ou vídeo, correo electrónico, Skype, videochamada e/ou aula virtual. Non se terá en conta a participación e actitude en concertos e audicións públicas planificadas para o 3º trimestre debido á cancelación

das mesmas, no seu caso, teranse en conta a actitude e participación nas novas propostas de actividades que o profesorado propoña durante este 3º trimestre: (gravacións de audio e/ou vídeo, escoita de vídeos e audios enviados, xogos interactivos e lúdicos, e calquera outra actividade que o profesorado propoña). En ningún caso, as actividades propostas no 3º trimestre influirán negativamente na cualificación da materia.

#### .MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

O criterio de cualificación que fai referencia á interpretación en grupo aplicarase unicamente ás actividades realizadas no 1º e 2º trimestre.

- MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN NOS CASOS EN QUE A AVALIACIÓN CONTINUA NON É POSIBLE

Este punto só será aplicable ao alumnado que non puido ser avaliado de xeito continuo no 1º e 2º trimestre do curso e que neste 3º trimestre segue a non ser posible a súa avaliación continua.

Da proba indicada na Programación Didáctica elimínase a terceira parte correspondente á interpretación dentro da agrupación por imposibilidade de ser realizada nas circunstancias actuais. As outras dúas probas realizaranse preferentemente por gravación ou videochamada.

Na convocatoria de dita proba indicárase a ferramenta utilizada e especificárase con moita claridade o que ten que preparar, tocar e/ou gravar o alumnado.

As modificacións dos criterios de avaliación e dos mínimos esixibles indicados anteriormente tamén afectan a esta proba.

Isto é aplicable a todos os curso de Grao Profesional.

### **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

#### **Actividades**

Grabación de audios e/ou vídeos das cancións propostas.

### **Metodoloxía (alumnos con conectividade e sen conectividade)**

Envío de instrucións e materiais PDF e audios para estudo e grabación das cancións propostas.

### **Materiais e recursos**

Envío e intercambio de materiais a través de mail, CentrosNet e Whatsapp.

### **4. Información e publicidade.**

#### **Información aos alumnos e ás familias**

Envío de correos electrónicos. Skype.